



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. EXP:2025/G016/000003

Por acordo plenario do 2 de outubro de 2025 aprobose con carácter provisional a modificación da ordenanza fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, publicado provisionalmente no BOP nº 193 de 9 de outubro de 2025, e exposto o público polo prazo legalmente previsto, sen que se presentase alegación ningunha.

En base o anterior, publícase o artigo 5 modificado de dita ordenanza:

Artigo 5.- BONIFICACIÓNS

1. Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados a partir da data da súa fabricación, tomándose como tal, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Para poder gozar da bonificación, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a antigüidade. Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma, ben por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data na que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. No caso de vehículos históricos acreditarase aportando a catalogación como tal polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a bonificación aplicárase desde o exercicio seguinte ao da solicitude. Declarada a bonificación pola Administración tributaria local, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

2. Os vehículos das clases turismos, camiións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, ciclomotores e motocicletas beneficiaranse nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados, dunha bonificación na cota do impostos, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo ou a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo, que minimize as emisións contaminantes.

Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto durante cinco anos naturais desde a súa primeira matriculación.

b) Que se trate de vehículos de motor eléctrico, impulsados por enerxía solar e / ou emisións nulas.

Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75% na cota do imposto durante sete anos naturais desde a súa primeira matriculación.

c) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible o biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno.

Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto durante cinco anos naturais desde a súa primeira matriculación.

As bonificacións citadas anteriormente nas letras a), b) e c) terán carácter rogado, é dicir, os interesados deberán instar a súa concesión acompañando a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

A bonificación producirá efecto para o período impositivo seguinte á data de presentación da solicitude.

Arzúa, a 24 de novembro de 2025.

O alcalde

Asdo.Xoán Xesús Carril Ramos

2025/7838